

Antón Avilés de Taramancos



Agora
mesmo de
taberneiro, en Noia,
como François Villon
escribirei de vez en cando
algún poema. Pero como ves
non son un poeta de oficio nin
oficial. Son sempre o que chega tarde e
dalgún xeito quere face-la súa sementeira
e a súa colleita cun esforzo que a outros
lles vén mais mainiño polo tempo e a
paciencia. Eu non teño nin unha cousa
nin outra. Son a grandeza e a miseria
da poesía. Un francotirador da
fermosura.

o c l g t ñ
c ñ ñ

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2003



Avilés, un home de dous mundos

T.D.I.

Antón Avilés Vinagre naceu en Taramancos, preto de Noia, dunha familia agraria e mariñeira. Emigrante nos países andinos foi labrador, contrabandista, cazador, traficante de cabezas reducidas, nunha vida de increíble novela.

Antes da súa marcha tratou na Coruña cun grupo de xentes de esquerda e nacionalistas coas que traballou a reo pola recuperación do galego, e que os seus últimos anos volto das Américas, gañou a súa vida como taberneiro en Noia, e militou no nacionalismo cultural e político de esquerdas.

Vinte anos nos estivo alonxado do mundo literario galego. Un cordón umbilical que mantivo con algunha que outra carta con algún vello coñecido. Foi unha época como un paréntese, xa que a actividade en prol do nacionalismo cultural e político de esquerdas que desenvolveu na súa vila natal de Noia, rebaiouse ata esta época.

A súa obra poética iniciouse con As moradias do vento (1955), e A frauta y o garmelo (1959). Durante a súa estada americana non tivo máis contacto co mundo literario galego ca algunha correspondencia con Salvador García-Bodaño, que fixo publicar en Grál (1971) algúns seus novos poemas precedidos

dunha noticia.


Volto en 1980, publícase dous anos despois O tempo no espello, incluíndo os dous libros xa editos e tres inéditos. En 1985 editáanse os Cantos caucanos, en 1989 As torres no ar, e —xa póstumo— “Última fuxida a Harar”.

A súa volta a Galicia significou, ademais do seu renacer como figura literaria, como colaborador intenso en medios como Grial, Dorna ou Luzes de Galicia, mesmo chegou a ser elixido presidente da Asociación de Escritores en lingua Galega.

Poeta de verso férreo e cristalino, épico e elegíaco, Avilés de Taramancos constrúe unha poesía poderosísima, grandiosa e coral. O amor, a ira nacionalista, a nostalgia imposible do home de dous mundos, flúen cunha forza arrebatadora nos poemas dun home rabiosamente vital que amou sen mesura a vida, a patria, a liberdade, a materia.

Traballou pola recuperación do galego e militou no nacionalismo cultural e político

Antón Avilés de Taramancos botou vinte anos fora de Galicia; á súa volta en 1980 inaugurou a Tasca Típica en Noia, unha taberna situada nun pazo do século XIV



XIADA
LIBRERÍA

Avda. de Finisterre, 76-78 Telf.: 981 276 950
15004 A CORUÑA

**Día
das
Letras
Galegas**




*“Un pan, un libro;
un pan de palabras”*

Gran Vía, 79 • Telf. 981 70 00 10
15100 CARBALLO (A Coruña)

Ramón Cabanillas, 21
Telf. y fax 981 23 46 70 15007 A Coruña



As palabras movern a memoria do tempo.



Repsol YPF celebra con Galicia o
Día das Letras Galegas.

repsolypf.com

Complexo
Industrial
A Coruña

REPSOL
YPF





Lembranza do poeta emigrante

Xosé Neira Vilas

Vinte anos estivo en Colombia Avilés de Taramancos, o poeta de Noia que neste ano homenaxeamos. Dúas décadas decisivas na súa existencia. De Colombia voltou con muller e tres fillos e uns horizontes amplos do mundo americano. Porque os galegos somos “porosos”, incorporámonos ás sociedades que nos acollen e ímonos involucrando entrañablemente no seu devir. Por eso acabamos pertencendo a dúas patrias. Por min falo. Con el teño falado moito desta dualidade. E con Blanco Amor. E con Seoane.

Fomos amigos a distancia nos primeiros tempos. A finais dos anos cincuenta el vivía en Noia e eu en Buenos Aires, e escribíamonos, e dende 1961 a nosa correspondencia era entre Cali ou Bogotá e A Habana. Falabamos de Galicia, da poesía, dos proxectos comúns, do entolecido mundo que nos cadrou vivir. E o noso encontro primeiro sería nesta banda do mar, en 1981, e moitas outras veces dende entón, que incluíron presentacións de libros, conversas a treu e ata unha excursión mariñeira pola ría noíesa e polo Tambre.

Inda nos une outra circunstancia persoal que foi determinante para a súa marcha a Colombia. Dende Buenos Aires mandeille, en 1961, exemplares dun folleto titulado “Xornadas patrióticas galegas” que publicara a Comisión Intersocietaria de asociación de emigrantes para conmemorar o día dos Mártires Galegos, e dicir, o 17 de agosto, data aniversario do fusilamento de Alexandre Bóveda. Non sabemos cómo, a policía franquista soubo que tiña aqueles materiais “subversivos” e comezaron a segui-lo, a vixialo. Ata que un comisario amigo lle aconsellou que se fose. Tal foi a cau-



O compromiso político de Avilés foi evidente, de feito, unha circunstancia desa natureza contribuíu ó seu exilio máis ou menos voluntario. En 1987 accedeu ó Concello de Noia polo BNG, sendo concelleiro de Cultura, cargo que ocupou até 1991

sa do seu exilio máis ou menos voluntario.

Avilés de Taramancos é unha das voces poéticas maiores de Galicia. A súa mensaxe vital, aleccionadora, é para todos os tempos e de primeiras para este seu e noso tempo de confusión, de gato por lebre, de oportunismos e frecuentes mentiras ben adoviadas, máis tamén un tempo ateigado de posibilidades creativas, innovadoras. Ben merece este singular poeta emigrante que lle dediquemos o 2003.

Poema

Na outra banda do mar
constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa
na mañá, e o saben
que están a construír a torre de
cristal da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada
caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non
saben
que no interior da quilla está a
médula mesma
da miña espiña dorsal; que no
galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a
vela, e a enxárcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta
o vento,
será o meu corazón.

de “*As Torres no Ar*”
(1989)

Antón Avilés de
Taramancos

**Antón Avilés de
Taramancos é unha
das voces poéticas
maiores de Galicia**

ACTIVIDADES DO MES DE MAIO 2003

O MOUCHO LEROUCHO e PAULA CARBALLEIRA: Animación á lectura nas tres bibliotecas e nas escolas de educación infantil e primaria segundo calendario.

ENCUNTROS CON ILUSTRADORES GALEGOS DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL: para escolares de 6º de primaria, nas bibliotecas. Patrocinado pola Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo.

EXPOSICIÓN DIDÁCTICA SOBRE AVILÉS DE TARAMANCO, todo o mes, no local anexo a biblioteca Xabier P. Docampo. Patrocinada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

DONACIÓN DO LIBRO “ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS: VIDA E OBRA” de Lola Arxóns e Xavier Castro, as asociacións culturais, colexios e institutos do municipio.

XIV FESTIVAL “AS MARIÑAS” sábado 17 de maio no Campo da Feira de Cambre, ás 17,00 h., coa participación das seguintes agrupacións e escolas de música: AS MARIÑAS, ECOS DO MERO de Mabegondo, CANTIGAS DA TERRA, BALBORDO de Sada, ARUME de Mos (Pontevedra) e LEDICIA de Burela (Lugo)

A RODA Actuación do grupo folk ás 22,30 h., como remate do festival. Programa “Tempo de lecer” da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción cultural.



**CONCELLO
DE CAMBRE**
Concellería de Cultura

Un francotirador da fer mosura

CRONOLOXÍA

*** 6 de abril de 1935.-** Nace Antón Avilés Vinagre en Taramancos, Noia (A Coruña).

*** 1947-1950.-** Estudia o Bacharelato no colexio Andrés Manjón, en Noia, que logo cambiaría o seu nome polo de Academia Balmes.

*** Agosto de 1951.-** Publica o seu primeiro poema titulado: "Saloucos dun emigrante", publicado na revista noiesá Tapal.

*** 1952.-** Recibe unha mención honorífica no premio de poesía en galego convocado polo Circo de Recreación-Casino de Noia, polos poemas "Antón de Noia" e "Cadarsó".

*** 1953.-** Trasládase á Coruña e matricúlase en Náutica por mandato de seu pai. Entra en contacto coa "Peña Amanecer" que organiza cerimonias florais.

*** 1954.-** Sela o Xuramento de Laracha polo que se comprometeu na defensa dunha "Galiza ceibe e popular", implicándose ideoloxicamente co galeguismo de esquerdas.

*** Febreiro de 1954.-** Ofrece a súa primeira conferencia sobre a poesía de Rabindranath Tagore.

*** Decembro de 1955.-** Publica o primeiro poemario: As moradias do vento, que aparece como separata na revista "Atlántida".

*** Xaneiro de 1959.-** Publica o segundo libro: A frauta i o garmelo, ilustrado polo pintor Lixandre.

*** Xuño de 1959.-** Estrénase no Teatro Colón de A Coruña a montaxe teatral O incerto señor don Hamlet, na que Avilés de Taramancos colabora.

*** 1959.-** Edita Pequeno canto, co que gaña un accésit no certame poético da colección Braís Pinto.

*** 1959.-** Regresa a Noia sen remata-lo estudos de Náutica.

*** 1961.-** Coñece en Noia a Salvador García-Bodaño.

*** Finais de 1961.-** Emigra a Colombia.

*** Febreiro de 1962.-** Funda a Embaixada de Galiza en Bogotá.

*** Marzo de 1962.-** Coñece á que será a súa dona, Ana Sofía Baquero Céspedes.

*** 1963.-** Escribe a primeira parte de Os poemas da ausencia.

*** 1969.-** Escribe a segunda parte de Os poemas da ausencia.

*** 1970.-** Trasládase coa súa familia de Bogotá a Cali para rexenta-la Librería Cultural Colombiana.

*** 1971.-** A revista "Grial", a través de Salvador García-Bodaño, publica dez poemas de Antón Avilés desde a emigración.

*** 1974.-** Breve viaxe a Galicia para visitar o seu pai, gravemente enfermo.

*** Marzo de 1980.-** Regreso definitivo a Noia.

*** 7 de novembro de 1980.-** Inaugúrase a Tasca Típica nun pazo medieval do Casco Histórico de Noia, que rexenta Avilés de Taramancos.

*** 1982.-** Publícase O tempo no espello, que inclúe a súa obra poética anterior.

*** 1983.-** Escribe unha peza de teatro: Tres capitáns de tempos idos, e organiza encontros

de escritores e recitais poéticos reunindo a figuras como Ana Romaní, Xosé Luis Méndez Ferrín ou Uxío Novoneyra.

*** 1985.-** Aparece Cantos caucanos, polo que recibe o Premio Nacional de Literatura.

*** 1986.-** É elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e como tal dirixiu o III Encontro Galeusca en Baiona.

*** 1987.-** Accede ó Concello de Noia como edil de Cultura polo BNG; cargo no que permaneceu ata 1991.

*** 1989.-** Publica o poemario As torres no ar, e máis o libro de relatos Nova crónica das Indias.

*** 1990.-** Publica, como separata do Boletín Galego de Literatura, unha serie de poemas baixo o título de Obra inmisericorde.

*** 22 de marzo de 1992.-** Falece nun hospital de A Coruña vítima dunha grave doenza.

*** 1992.-** Publicacións póstumas: o poemario Última fuxida a Harar, o volume de ensaios Obra viva e a escolma Antoloxía poética 1955-90.

*** 2003.-** Adícaselle o Día das Letras Galegas.

A lingua galega,
fortalecedora de civilizacións e
culturas alí onde a diáspora
marca a nosa presenza





A saudade inversa en “Cantos caucanos”

Carmen Fariña

Antón Avilés Vinagre –máis coñecido como Antón Avilés de Taramancos– empeza a publicar poemas na revista noíesa Tapal influenciado por Manuel Fabeiro Gómez e Basilio Fernández Barbazán, grandes amigos e quen o mergullarán neste mundo da literatura. Esta non será a única revista para a que colabore. Así faise eco en Atlántida con *As moradias do vento* (1955), posteriormente publica *Poemas a Fina Barrios*. *Pequeno canto* (1959), que formará parte do volume recopilatorio *O tempo no espello* (1960). En 1959 publica *A frauta i-o garmelo*. O seu labor literario non remata aquí e, a pesar das distintas fases na súa vida (Galicia / Colombia), o fondo temático dos seus poemarios é o mesmo: a ligazón coa terra e o mar, a muller como símbolo, o amor, a saudade (da terra e do exilio), o compromiso, a experiencia americana, a morte, etc.

A partir de 1961 coa súa marcha a Colombia deixa de publicar asiduamente: “vinte anos de ausencia na flor da mocidade troncoun radicalmente a vida dun home... Non hai tempo para gaitas nin para poemas. Erguer un fogar en terra allea, assimilar outra cultura e outra paisaxe, construír inconscientemente outra patria é unha tarefa na que a poesía se vai afogando pouco a pouco no silen-

cio...” (Nova crónica de Ulises, 1979). Aínda así publica en 1969, *Poemas de ausencia*. Tamén aquí está presente a saudade da terra (identificación con Ulises), a súa ausencia e a anguria existencial da terra que deixou atrás. Este sentimento convértese en motivo reiterado en toda a súa obra.

Xa de volta a Galicia publica *Cantos caucanos* (1984). Non esquece neste libro as lembranzas da natureza da súa segunda patria (Colombia), dunha época feliz unida coa paisaxe. Agora sente saudade da terra colombiana e todo o que alí viviu. Así, neste poemario mostra este sentimento cara á rexión do Cauca, e cara a Colombia.

Os eixes temáticos que tan recorrentes son na súa obra pasan agora a ser puntos principais desa saudade invertida. Apréciase xa na dedicatoria do libro: “Aos meus fillos: que gardan de Colombia a luz extensa que percorre o Cauca”. Os poemas foron escritos entre novembro de 1983 a xaneiro de 1984, pouco despois de regresar deste país. Son un total de once poemas (algún con varias partes) e dúas crónicas. O autor presenta composicións creativas, biográficas, épicas e a vez líricas da terra americana e da súa saudade.

A rexión do Cauca deixa un pouso na súa vida. Neste val sitúase Popaián, topónimo moi recorrente no libro, “*Ele-xía a Popaián*”; (“miña outra patria sempre violada”) e Cali, cidade na que viviu Avilés e moi importante para o escritor, como queda patente no poema “*Canto de Noralba Timbana*”: “ningunha noite tan fermosa como a noite de Cali”. Sente Colombia como a súa outra terra, está ligado a ela, eses vinte anos servíronlle de unión coa cultura e a so-



En Cantos caucanos mostra Avilés a saudade que sente da terra colombiana

cidade dun territorio tan alleo e á vez tan próximo a súa realidade.

Xosé María Álvarez Cácamo recolle unhas palabras súas referentes a este tema: “a metade lúcida da miña vida pasou nesa paisaxe e entre esa xente. Veñen os meus fillos desa estirpe e decorre por tanto a metade do meu amor por eses ríos”.

Este sentimento vaise transmitindo nos poemas por medio de espazos xeográficos reais, moitas veces coñecidos e outros posiblemente reflexo da súa imaxinación. Topónimos como Tuluá (“hai como amo Tuluá”), no primeiro canto, Chachahuí (“Ter unha casa en

Chachahuí”), lugar no que o poeta quere ter unha casa e desde alí poder observar todos os ríos, cumes, estradas, camiños..., Guacarí, Palmira, Putumaio, Nataigama, Neiva, Ibaguereña, entre outros forman parte desa xeografía colombiana que el tanto bota en falta; “levo/ coma quen leva / unha ferida, / a extensa xeografía dunha patria lonxana, a cicatriz radiante / de algo irrecuperábel e que habita comigo”.

O poemario presenta tamén abundancia de léxico indíxena. O emprego deste léxico, en moitos casos descoñecido para nós, é unha forma máis de destacar a fonda pegada que nel deixaron as terras colombianas: biche, saconcho, tímbo, zapote, gualandai, guabina, farallón, danta, lirolai, mapalé, cumbia, curralao, mercurumbe, cocuios, turpial, pastusos, macana, campanula, daguerrotipo, chiminango, fanal, marracotas, currulao, bunde, tamborera, catamarca, tolima, xerxolín... xunto con nomes propios de indios; Chakaka, Guatavita..., orquestras e solistas; orquestra Pacho Galán, Alberto Beltrán, Roberti Ledesma, Jimmi Boogaloo, negro Watusi, Miguelito Valdés, Mister Babalú, Daniel Santos, ... e un longo etcétera que axuda a enriquecer o texto tanto temática como formalmente.

Esa saudade que nun primeiro momento foi cara a terra que o viu nacer, agora, xa cos pés en Noia, trócase pola terra sudamericana:

“...Iso é o lor que me estremece, amar tan longamente o ben perdido, ter para sempre o folgo eivado de amar o que se perde e andar o corazón coa raíz revirada na beiramar do tempo”(...)

Non esquece neste libro as lembranzas da natureza da súa segunda patria

VII Mostra de Artesanía e Libro Galego
O BURGO PRAZA DE EUROPA

SÁBADO 17 de maio DÍA DAS LETRAS GALEGAS

DE 10 h a 20 h EXPOSICIÓN DE ARTESÁNS - DEMOSTRACIÓN (ALFARERÍA-CANTERÍA-TAPICES-ENCAIXE)
OBRADOIROS INFANTÍS - XOGOS TRADICIONAIS - COMPETICIÓN DEPORTIVAS
ACTUACIÓN: BANDA DE NEGREIRA - BANDA DE GAITAS DE ARES - MAGO ANTONIO ROMARÍS

FESTIVAL LETRAS GALEGAS NO CENTRO S.R. DE RUTIS-VILABOIA

AS 19 h ACTUACIÓN: BANDA DE GAITAS DE ARES - RUEIRIÑOS DE NOS
- ANCORADOIRA - TOXOS E XESTAS FIN DE FESTA GRUPO FOLK KALUA
LETRAS GALEGAS 2003 · LETRAS GALEGAS 2003 ·
CULLEREDO SEMPRE EN GALEGO · CULLEREDO SEMPRE EN GALEGO



CULLEREDO
CONCELLO
Concellería de Cultura

PENSAMENTO DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

📖 Sobre a emigración

«[...] Cada día que pasades fóra do voso lar é un día que se lle rouba a unha vida plena e feliz. [...] Non podemos construír a pátria sen as vosas mans. Non podemos alender o lume se non brillan os vosos ollos ao calor da fogueira. Somos unha tribo dispersa que non será feliz até que se atope enteira e reunida.»

📖 «Palabras aos emigrantes», Lausana, 20-06-1987

📖 Sobre a creación poética

«A creación artística é sempre un acto de rebeldía; é o acto antiteolóxico de desencadear mundos novos, diverxentes, nun xogo de espellos que reflecten a realidade dun mundo irreal que o criador se atreve a antepor ao mundo feito e ordenado por un Deus mitolóxico [...] Poesía é iso que desvela o misterio. Ir enchendo de luz un espácio fechado, dar unha nova dimensión aos anseos permanentes nos que a criatura se recrea e se fai cada vez máis perfecta dentro das lindes da imperfección [...] E cada povo ten o sinal do canto —do seu canto propio e intransferível— gravado na célula primária, que se vai abrindo como unha rosa afervoadada de cara ao futuro, de cara á liberdade plena: esa utopía necesaria que é o principio da vida e o fin da loita [...]»

📖 «Criación e rebeldía», III Encontro de Escritores, setembro de 1986

«A fonda angúria da necesidade de criar, a súa cerne mitolóxico, está na certeza inconsciente de que a perda do paraíso é para sempre e, que na súa busca a traveso da palabra, na loita contra o tempo, na recreación dos diversos paraísos ficticios que poden dar a emoción, a imaxinación e a estrutura literaria, encontra-se esa sensación de triunfo como unha rosa que florece nas ruínas das edades. A transitoriedade do home, a inaprensión do que se vai perdendo, pode quedar prendida no transfondo dun verso, [...]»

📖 «Na procura dunha paisaxe», 1988

📖 Sobre a lingua

«A lingua ten de por si unha forza liberadora. A nosa nación, ensumida, aldraxada e distorsionada por forzas exteriores que impuñeran a súa lei polas armas e por unha conduta represiva constante perante séculos, non tivo razón de si mesma até que a lingua se sobrepuxo e foi a canle liberadora, a semente renacida do noso sentir, a forza que lle deu forma aos ideais dunha pátria ceibe e soberana. [...] O idioma leva en si o formento da liberdade; e cada un de nós sentimos, cando agroma á nosa voz ou á nosa escrita, ese pulo incontível que nos arrinca a verdade máis íntima, a verdade dunha pátria perdida, os límites etéreos dun territorio onde a lingua nai ten o seu cauce e expande o seu vigor. [...]»

📖 «Centenario de Rosalia», (13-07-1985)

«Naquel tempo, ademais de ser o galego unha lingua represada, tempo no que ao cú se lle chamaba pómipis e os eufemismos campea-

ban coa validez das palabras lexítimas, a obra de Cunqueiro tan directa na súa linguaxe tiña que espertar non somente a carraxe da censura pola idioma en si, senón o furor de Serrano Castilla (censor de turno e do fielato da cultura) quen dixo cando lle presentamos o libreto: "voy a llevar a Don Hamlet al paredón"»

📖 «Don Hamlet no paredón», Seiva nº4, maio de 1991

«Se non se lle pon remedio, con boa dose de ternura, a lingua materna ben se pode converter en fala avoenga; é dicir, que sexa a avoa o punto máis inmediato de referencia do que se está a balbucir [...]. Se as nosas mulleres de vinte e trinta anos que están na flor da maturidade para ter e para educar ás súas crianzas non falan galego por ese triste sino de querer ser o que non son [...] queda-nos a avoa como única nai verdadeira e lexítima. A nai que nos pareu veu ser como unha madrastra [...] Na loita necesitan-se os berros na nosa propia lingua para espantar aos inimigos. Non é o mesmo berrar: Ei Carballeira!, que berrar: Eh roble! Como vedes a pátria é a palabra. A muller leva gravado o seu código transmisor. Sen elas non somos nada.»

📖 «A fala avoenga», Barbanza nº 28, 1ª-04-1989

«A meirande obra de arte que o noso povo ergueu a traveso dos séculos foi certamente a catedral do noso idioma. Desde esa rudimentaria pedra limiar que señorea a porta de Santa Maria a Nova até a fermosura dos poemas de Manuel Antonio e de Alvaro Cunqueiro, dez séculos de ir labrando a canleira da palabra para que os outros pórticos re-

luzan, as torres fiquen erguidas e sonoras no devalar do tempo, os sentimentos teñan a canle mainiña da súa expresión no termo xusto e apropiado.

«[...] Se algo significamos os galegos no mundo, se algo da civilización nos corresponde, é por mor da pedra e da palabra. A pedra feita luz en Compostela e a palabra feita arte na cantiga de Martín Códax ou na elegía a Moore de Rosalia. Ningunha lingua culta puido chegar máis lonxe. Nen máis outo. Agora andan os cans arrecastados tratando de roer alicerces [...].»

📖 «A catedral sonora», Barbanza nº 18, 1ª-11-1988

📖 Sobre o país

«[...] Un país ao que se lle poñen trabas políticas e burocráticas para que o seu idioma sexa o medio normal de comunicación en todos os seus estamentos e órganos de funcionamento, é un país que está a ser sobnormalizado, que está a sufrir un dos embates máis escuros en contra da súa personalidade e do seu desenvolvemento, e que lle priva de alcanzar diante do mundo o pleno florecemento do seu saber. Nunca sere-mos nós mesmos se nos temos de expresar nunha lingua emprestada. Nunca o verdadeiro fondo dos nosos pensamentos sairá á luz se o temos que facer por un intermediario. [...]»

📖 «Constitución da Mesa pola Normalización», Riveira, 23-10-1986

«[...] Xa o noso povo, e o noso espírito, zarrandeados dabondo de por séculos con zarrandains que deturpan a verdadeira esen-

cia do seu ser —sen deixar de ter que receber ou doar todo o que é normal na ósmose das culturas— téñan a mente feble e averiada que serve con gran facilidade para imbuir-se de calquera cousa que o faga anómalo. [...]»

📖 «Ser escritor», 1989

«[...] Eis o noso país, o grande circo. Os pequenos sátrapas defenden o império con dentes e gadoupas, mentras artellan o seu império particular. Os libertos, esa xentiña nosa, liberal e de esquerdas aseguran eles, son os palanganeiros do prostíbulo. Están por lavarlle as partes ao fodedor do povo. Son a desgracia do mundo desde sempre. [...]»

📖 «Romanos, Gladiadores e Libertos», Barbanza nº 9, 2ª-06-1988

«Cando se dá esa condición de país desarticulado mental e fisicamente o normal é que ninguén se sinta identificado consigo mesmo e que caia nun exilio interior e íntimo, e chege mesmo a odiar a súa orixe por ser quen é e polas circunstancias que atravesas. Dai vén, o disfraz e o aparentar e o vivir nun escenario permanente onde se representa e se vive outra historia e se renega ao fin de todo aquilo que leva consigo un sinal ou un símbolo da pátria perdida ou da que se quere perder. Hai un deterioro e unha perda que remata en pobreza espiritual e os froitos son sempre cativos e as colleitas fóra de tempo e de razón. Labran mellor na leira allea, na lingua allea, na historia allea, e presumen do seu galardón ou do aprauso que lle dan os de fóra por saber andar polo camiño que lle trazaron de antemán. [...]»

📖 «Galicia no Diván», Exilio interior

LETRAS GALEGAS

MARTES 13 Sesión de cinema do Consello Municipal
20.00 h.

"Vida e obra de Antón Avilés de Taramancos"

«Autor transmitido máis coa no Diván»
Lectura: Galego; conferencia a cargo de: D. Xosé Agrela

MÉRCORES 14 Sesión de cinema do Consello Municipal
20.00 h.

"Contos do vento acalorado"

«Un novo espectáculo de Monicreques de Kukas»
para os máis cativos

XOVES 15 Sesión de cinema do Consello Municipal
20.00 h.

Cine en galego
coa presenza da poíntica

"O ALQUIMISTA IMPACIENTE"

Un filme de Palma Ferrera baseado na obra de Lorenzo Silva

VENRES 16 Sesión de cinema do Consello Municipal
18.00 h.

Entrega de premios do XII Concurso Literario de Adegamento á Libro, IV Concurso Literario de Adegamento á Teatro, II Concurso na lingua de Nosa Marespáñica

organizados pola Biblioteca Pública Municipal

SÁBADO 17 Sesión de cinema do Consello Municipal
20.00 h.

Y MARATÓN AUTONÓMICO URBANO SPECIAL OLYMPICS

SÁBADO 17 Sesión de cinema do Consello Municipal
20.00 h.

CONCERTO a cargo da Banda da Escola Municipal de Música de Cee

SÁBADO 17 Sesión de cinema do Consello Municipal
20.00 h.

FESTA INFANTIL con xogos para os participantes no Maratón e para todos os nenos

2003

CONCELLO DE CEE
DELEGACIÓN DE CULTURA E DEPORTE

INAUGUACIÓN DO ECOMUSEO


20.00 horas



Organiza: **Concello de Cerceda**



De canda Avilés lle escribiu a un corvo



Luis Alonso Girgado

Antes do ano 1959 Avilés de Taramancos era un mozo que publicara algúns poemas soltos en revistas (Tapal, Sonata Gallega, 4 Ventos, Aturuxo e algunha outra) e que deixara na coruñesa Atlántida, en 1955, un feixe de poemas –“As moradas do vento”– onde semellaba clara unha fermosa, delicada e imaxinativa voz lírica. En 1959 dous poemarios, *A fruta i-o garmelo* e *Poemas a Fina Barrios* evidencian que estamos ante un poeta digno de atención.

Teño para min que *A fruta i-o garmelo* é –e seguirá a ser– unha das máis puras manifestacións de lirismo da nosa poesía de tódolos tempos. A elegancia do verso, a imaxinería sensorialista, a voz celebradora, a evocación da infancia, a mirada naif, o visionarismo vangardista, a intensidade emotivo-sentimental son trazos deste libríño de once poemas habitados de paxaros, pero tamén de ventos, de árbores, de lumes e augas.

Con razón –coa razón da fantasía e da inxenuidade– dicía Otero Pedraio no acuse de recibo do exemplar que lle enviara o poeta, que, cando estivera en Trasalba, lería “ós paxaros dos meus arboredos... os seus poemas. A ver como responden.”

Pero hai neste libríño (que filtra certa herdanza do hilozoísmo e que esencializa natureza e cosmos coas súas forzas e criaturas) varios e distintos paxaros. Un deles, o corvo, é destinatario do único poema epis-

tolar do conxunto –de ben meditada unicidade interna–, poema que o poeta titula “Carta a un corvo que se chama Alberto”.

O corvo como motivo poético ou literario en xeral posúe unha tradición milenaria e unha ampla simboloxía. Aparece na mitoloxía clásica como mensaxeiro de Apolo. Nos textos de profetas e evanxelistas leva comida ós pobres e ós ermitáns. É frecuente a súa presenza na literatura fabulística en composicións de propósito didáctico-moralizador nas que os animais son símbolos das virtudes e vicios da condición humana.

Pola súa negra cor o corvo adquire connotacións simbólicas asociadas coa noite, a tebra ou a terra e como criatura aérea é mensaxeiro. No simbolismo cristián –precisa Juan E. Cirlot– é alegoría da soidade. Na lírica universal, inspirou, sobre todo, o gran poema “The Raven” de Edgar A. Poe.

Avilés de Taramancos asume, na descrición da súa criatura-amiga, algunhas das claves simbolóxicas tradicionais do corvo. Así, a súa condición de mensaxeiro privado do poeta, “dime o longo vieiro de montañas/prá min soio”, que o utiliza como portador dunha bíblica “folla/amarela de viña” para que Deus “cubra núa muller de noite”. A súa negra cor convérteo en fúnebre “cadaleito de pomba” e fúnebre e fantasmagórica é a connotación da imaxe “voz de estadea”. Teima o poeta no oficio de mensaxeiro do corvo coa referencia a “un compañeiro ten que me trae novas” e duplica a sinestesia (“fresco ouvear”, “ouvear de can na túa ollada”) e recorre á imaxe

(“entraña fouce as túas ás”) para salientar outros trazos peculiares ou distintivos do seu corvo-interlocutor.

Presenta este poema, como os restantes do libro, un compoñente de fantasía visionaria que lle confire un particular atractivo. Fala, entón, o eu lírico da “desatada risa” da oliveira, reitérase “pola risa do ceo” e non deixa de percibir a “ledicia de roca” ou as “escuras palabras” dos vagalumes. Cómpre apreciar, sen embargo, que a resultante de esplendor cósmico, de poderoso canto á natureza que vemos noutros poemas do autor convértese aquí nunha visión ateigada de tenura, de sinxeleza, de inxenuidade puramente infantil que non esquece o detalle do espantallo que “dorme ó sol da viña en peringuelas.”

O poema-epístola “Carta a un corvo que se chama Alberto” constitúe unha agarrimosa homenaxe á infancia da que din os poetas que é o único paraíso do home. Un poema escrito cunha finísima sensibilidade e que emociona dende o primeiro verso. A mosca, en fin, un don da palabra, unha intelixencia expresivo-retórica e unha forza emotiva que só un poeta posúe.

Co tempo, as raíces da voz de Avilés de Taramancos percorrerían outros ben diferentes vieiros. Pero o lirismo, no seu máis alto grao de manifestación, está seguramente nestas páxinas de *A fruta i-o garmelo*, dende as que un poeta escribiu a un corvo



Portada de *O tempo no espello* de Edicións do Castro

dono do ceo porque se sentía “menino eternamente”. É seguro que o corvo Alberto levou ás alturas os versos daquel poeta que era o seu amigo, que nacera en Taramancos de Galicia e que coas palabras cantaba como os máis fermosos paxaros cantores.



Ilustración de Lixandre para *A fruta i-o garmelo*. O corvo, destinatario do único poema epistolar no conxunto do libro



Avilés de Taramancos y Aturuxo

Miguel Carlos Vidal *

Los poetas que integrábamos el grupo de la revista ferrolana Aturuxo (inicialmente, Tomás Barros y yo, como cofundadores y codirectores de la misma, y, poco después, Mario Couceiro, como administrador) nos reuníamos, todos los domingos, por la mañana, a partir de las 11, en el Café Bonilla, situado en la esquina formada por la calle del Carmen y la Plaza del Callao.

Aquellas reuniones dominicales, al menos durante unos ocho años (de 1952 a 1960), nunca fueron interrumpidas. Y, para mejor colaborar a tal fin, el propietario del local, sin que nadie se lo hubiera pedido, nos reservaba siempre el rincón de la ventana que da a la mencionada Plaza, rincón que aún hoy, pasados ya más de cincuenta años, todavía se conserva tal como entonces era, con las mismas mesas y hasta con las mismas sillas.

En torno al proyecto renovador y de vanguardia que representaba Aturuxo (revista, tertulia y colección propia de libros poéticos), tal vez sea oportuno recordar que pronto se fueron situando, para incluso algunos- compartirlo, los entonces más significados poetas de Galicia: Cunqueiro, Pimentel, González Garcés, Luz Pozo, Moreiras, Carballo Calero...

Pues bien, una de esas mañanas de domingo, allá por el año 1956, cuando estábamos preparando el contenido del número 9 de la revista, fuimos sorprendidos por la inesperada visita de un marinero, que aparecía uniformado de azul marino, con gorra de plato, en la que podía leerse Cuar-

tel de Instrucción-Ferrol. Nos preguntó si éramos los de la revista Aturuxo, y, al decirle que sí, nos aclaró que él era el poeta Avilés de Taramancos. Que se apellidaba Vinagre (Antón Avilés Vinagre), nos matizó después, pero que, por razones obvias, y para la Poesía, esto lo silenciaba, y que Taramancos era el eufónico nombre de su querida aldea natal.

Fue, desde el primer momento, afectuosamente acogido por nosotros tres, y aquel primer día ya se quedó en el local durante el resto de la mañana. Al poco de estar allí nos dio a leer un poema titulado "Balada do barqueiro mozo", que nos gustó mucho, y que se lo incluimos en aquel número 9 que estábamos preparando. También le ofrecimos las páginas de los futuros números. A partir de ese domingo continuó visitándonos todos los demás, salvo que estuviera de guardia. Y siempre traía consigo algún nuevo poema para que se lo leyésemos y valorásemos, poemas éstos que se habían de integrar, más tarde, año 1959, en un opúsculo titulado A fruta i-o garmelo.

Uno de aquellos domingos, nos obsequió, sorprendiéndonos gratamente, con una separata de la revista Atlántida, de La Coruña, en la que le habían publicado varios poemas con el título general de As moradias do vento. Y otro domingo -porque todo llega en la vida-, nos comunicó, también por sorpresa, que, terminada su instrucción, se marchaba destinado creo que a La Coruña.

A Avilés lo queríamos y valorábamos mucho, y él lo sabía, y eso le ayudaba a confiar cada vez más en sí mismo y en la inequívocidad de su destino de poeta. Con nosotros intervino en diversos recitales poéticos; también, en conferencias y coloquios sobre Arte y Literatura.

A los dos años o algo así de su marcha de Ferrol perdimos todo contacto con él.

Pasado bastante tiempo, tuvimos noticia de que andaba por América, por Colombia, y que se había casado.

Nueve o diez años después, en 1971, ya pudimos saberlo con certeza por medio de la revista Grial, cuando ésta le publicó "Os poemas da ausencia", poemas que, diez u once años más tarde, aparecerían recogidos, como una parte del poemario, en el libro titulado O tempo no espello.

En los años 80 me enteré de que Avilés había regresado a Galicia, y que se había aposentado en Noya.

Siempre seguí, con sumo interés, su trayectoria de poeta y escritor: O tempo no espello (1982), Cantos caucanos (1984,



Antón Avilés del brazo del pintor Urbano Lugrís, gran amigo, introductor y compañero en la bohemia coruñesa, y ambos enamorados del mar

Premio Nacional da Crítica), As torres no ar (1989) y, también en ese mismo año, Nova crónica das Indias.

De As torres no ar, en el verano de 1988, fui sorprendido por Avilés, quien, después de tantos años sin escribirme, me envió el borrador, con una breve carta, en la que me pedía mi opinión sincera sobre el libro, tal y como hacíamos en los tiempos de Aturuxo, en el Café Bonilla. El libro me gustó enormemente, y así se lo hice saber.

Y tres años más tarde, también en un verano, el de 1991, encontrándome yo sentado en la terraza de un café de la calle Real ferrolana, volví a ser sorprendido, esta vez por una persona desconocida, de abundante cabellera blanca, y que, al pronto, tan sólo la reconocí por la voz: se trataba,

después de más de treinta y cinco años sin vemos, del gran poeta y querido amigo Avilés de Taramancos, quien iba -me confesó- de paso para el Festival Celta de Ortigueira. Nos dimos, como era lógico, un gran abrazo, además de prometernos que nos volveríamos a ver pronto. Mal sabíamos los dos que al querido amigo, al extraordinario poeta Avilés de Taramancos le quedaban escasos meses de vida, pues, como se sabe, iba a fallecer el 22 de marzo de 1992.

Releamos su poesía, una vez más, en esta jornada dedicada a las Letras Galegas. Rindámosle así el mejor y más justo homenaje.

* Fundador de Aturuxo



Antón Avilés de Taramancos en Ferrol, donde hizo el servicio militar

librería
couceiro
Libros
Galegos e
Sobre Galicia

**HOXE DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ABRIMOS
MAÑÁN E TARDE CON UN DESCONTO DUN 10%**

Enrique Dequidt, 12 (Praza do Libro) - Tel/Fax: 981 26 63 77 - email: libracouceiro@terra.es - 15005 A CORUÑA

BIBLIOGRAFÍA

Avilés de Taramancos

A fruta i-o garmelo



A fruta i-o garmelo

Follas Novas na súa colección Libros da Frouma, dirixida por Luís Alonso Girgado e editada por María Teresa Monteagudo, presenta este libro con un estudio introductorio de Dolores Arxóns Álvarez e Xavier Castro Rodríguez do poemario de xuventude de Antón Avilés de Taramancos. A fruta i-o garmelo é unha das obras fundamentais do poeta de Noia.

A.A. de Taramancos
Vida e obra

Xerais edita un estudio da vida e a obra de Antón Avilés a través da man de Lola Arxóns e Xavier Castro –profesores de Lingua e Literatura en Noia–, dúas personas que estiveron moi preto do poeta e que coñeceron de primeira man a súas inxerencias. O libro é un completo traballo que serve tanto como iniciación escolar como achegamento á figura de Avilés.



Letras das mil. 3

"DICCIONARIO"
ANTÓN AVILÉS
DE TARAMANCOS

X. Amancio Liñares Giraut / Antonio Puentes Chao

Diccionario

Interesante obra realizada por X. Amancio Liñares Giraut y Antonio Puentes Chao para tresCtres Editores. Unha completa e esquemática guía sobre todo-lo referente a Avilés de Taramancos, con textos, fotografías, ilustracións e curiosidades. As últimas páxinas contan con un cadro sinóptico cronolóxico dos fitos na vida do poeta, na Galiza e no Mundo.

Un francotirador da fermosura

Completísimo e profundo traballo de Aurora Marco, que nas súas catrocentas páxinas explora recunchos pouco coñecidos da personalidade, humana e literaria, do autor noiés, reconstruindo a súa vida en boca de quenos o coñeceron, con valiosos testemuños orais e epistolares, que poden axudar a comprender o complexo mundo interior do poeta.



MES DAS LETRAS GALEGAS

A Concellería de Cultura deste Concello comprácese en informarlles das actividades programadas con motivo do Día das nosas letras:

- Exposición "Antón Avilés de Taramancos".

Esta exposición estará a disposición do público en xeral, en horario de tarde, ata finais do mes de maio na Biblioteca Pública Municipal.

- Exposición bibliográfica das últimas novidades editoriais en galego.

Do 13 ó 20 de maio na Biblioteca Pública Municipal.

- Concerto da Coral Polifónica Municipal "Atalaia" e estrea do Orfeón "Breogán".

O 17 de maio ás 20 horas no Salón de Actos.

- Teatro "Animal vacío" de Casa Hamlet.

Domingo, 18 de maio ás 20 horas no Salón de Actos do Concello.

- A escritora Helena Villar Janeiro terá un encontro cos nenos de primaria nunha actividade de animación á lectura.

Xoves, 22 de maio ás 11.30 da mañán na Biblioteca Pública Municipal.

- Cine en galego "A lingua das volvoretas". Director: José Luis Cuerda con Fernando Fernán Gómez, como actor protagonista.

Venres 23 de maio ás 20.30 horas no Salón de Actos.

Maio 2003

CONCELLERÍA DE CULTURA



Colabora



SABADO 17 MAIO 2003

DIA DAS LETRAS GALEGAS

11.00-13.00 h. Na Carpa das Letras
Sesión de xogos populares.

14.00 h. Na Carpa das Letras
Sesión vermú en galego.

16.00-20.00 h. Na Carpa das Letras
Altega: animación literaria de Bala perdida

20.00-22.00 h. Pasarrúas
Charanga Os Kilomberos de Monte Alto

22.00-23.00 h. Na Carpa das Letras
Encontro de Corais

23.00 h. Na Carpa das Letras
Verbena coa orquestra Ceniza

DOMINGO 18 MAIO 2003

XX FEIRA DA ARTESANÍA

Xornada de mañá

11.00 h. INAUGURACIÓN

Inauguración da XX Mostra de Artesanía
Pasarrúas co grupo tradicional Cachimonia.
Obradoiros e xogos.

13.00 h. LECTURA SEMBLANZA

Semblanza de Manuel Rivas a cargo de Lino Braxe

13.30 h. SESIÓN VERMÚ

Concerto musical coa banda de música de Ponteceso

14.30 h. XANTAR DE HOMENAXE

Xantar de escritores e artesán en homenaxe a Manuel Rivas

Xornada de tarde

17.00 h. FESTIVAL TRADICIONAL

Festival de Danza e Música Tradicional coa participación de:
Grupos de Música e Danza

Churía de Zas, CantareirasCantaruxas, Banda de Gaitas Inllar

19.00 h. CONCERTO FOLK

Concerto Folk a cargo de Susana Seivane

20.30 h. ACTO DE CLAUSURA

Clausura da XX Festa das Letras / Feira da Artesanía do Couto



María Lojo

O primeiro encontro con Avilés de Taramancos témolo case sempre a través da súa poesía, adscrito á xeración dos 50. Sen embargo, botando unha ollada á súa produción atopamos unha obra en prosa que cremos inxustamente esquecida. A Nova Crónica das Indias (1989) antóllasenos unha pequena xoia dentro da produción literaria galega.

A obra presenta unha estrutura circular ben marcada, que comeza coa partida do protagonista e a explicación dos motivos que o levan a ollar cara ó mar, e remata coa volta de Ulises Fingal, pseudónimo literario que o autor toma prestado do seu amigo Urbano Lugrís.

Nembargantes, malia esta unidade na estrutura externa, non atopamos nela o discorrer temático que acostuma acompañar a novela. Trátase máis ben, segundo o noso punto de vista, dunha obra miscelánea que xira arredor da presentación dunha viaxe iniciática cunha clara base mitolóxica apoiada na Odisea de Homero. O noso Ulises retorna a Galicia, a súa Ítaca, coma no poema de Cavafis.

O motivo da viaxe non é alleo á literatura galega, xa Otero Pedrayo o empregara no seu ben coñecido Arredor de si, pero a orixinalidade de Avilés radica na descrición xeográfica de paraxes selváticas ata o de agora inexistentes na nosa literatura, acompañadas dun rico léxico impregnado de toques exóticos e americanismos herdados da súa longa estada en Colombia. Máis alá da partida e da volta, encadre estrutural da obra, Avilés consegue infundirle unha certa unidade xogando cun orixinal entramado isotópico no que alteman

A obra remata coa volta de Ulises Fingal, pseudónimo literario que toma prestado do seu amigo Lugrís

imaxes e motivos que abranguen diversos tempos e contan distintos feitos históricos baixo a estrutura formal da prosa cronística.


O protagonista parte da aldea natal, Taramancos, alegando que “a vida é outra cousa, que hai camiños máis anchos; e deciden o teu destino, que xa sempre ha de ser loita no rodicio de retornar”. Pareceunos interesante esta partida, inda que recoñecemos que a obra da xogo dabondo para encher páxinas e páxinas de comentarios.

Para este breve traballo eliximos os dous puntos espacio-temporais que sitúan o protagonista en Galicia. O primeiro, o da partida, cando sendo un mozote toma a decisión de saír; o segundo o da volta, xa feito un home. A correlación destes dous puntos ós que acabamos de referirnos danos conta da evolución do protagonista, de maneira que os relatos cronísticos supoñen efectivamente un transcurso de tempo e vivencias, incluído o descenso os infernos á maneira dantiana, que tamén xa fora introducida na nosa literatura por Curros, e que contribúe a converter un rapaz dunha vila mariñeira nun guerreiro, non exento de rasgos mítico-épicas que tan enraizados están na configuración da nosa literatura nacional.

O libro iníciase coma unha despedida, unha especie de elexía descritiva que vai pervivir na memoria do lector ó mesmo tempo que se inmiscisce nas fonduras de selvas e loitas lonxanas. “Saír: a nosa porta fíxose para iso. Dous puntos só de referencia estábel, avoa e nai”. Este primeiro parágrafo sitúanos fronte á figura feminina tal como a percebe o autor, como punto de referencia “estábel”, idea que se reitera a miúdo ó longo das páxinas.

O abandono do fogar supón para Avilés o abandono da figura feminina, da avoa, da nai, intimamente vencelladas á terra entendida, non tanto coma unha vivencia telúrico-paisaxística –como viña sendo habitual na tradición literaria galega– senón marcada pola pegada da negación do tempo e da mobilidade espacial de todo o que circunda o fogar, espacio claramente feminino.

Dáse, polo tanto, unha clara oposición entre a terra, estática e atemporal, e o mar,



Portada publicada en Ir Indo de Nova Crónica das Indias, unha das obras en prosa de Avilés

marco no que se circunscribe a figura masculina, tanto a do protagonista principal coma a dos secundarios que vai atopando na súa peregrinaxe. O home sente a necesidade de saír “Os homes pérden no mundo”, polo tanto o seu espazo varía, do mesmo xeito que o discorrer do tempo vai enchendo o home de vivencias ata transformar aquel rapaz que sae de Taramancos nun guerreiro, Ulises Fingal, que volta disposto para a loita.

O propio autor dános conta desa evolución xa que na presentación da obra son abundantes as referencias á nai-avoa-nena, é dicir, á terra-Galicia, -recreación da antiga figura da Magna Mater-, e o autor é

un eu protagonista innominado. Sen embargo, na volta o protagonista reconécese a si mesmo coma “un guerreiro caído” ata abandonar a primeira persoa para pasar a adoptar o nome de guerra, Ulises Fingal, que volta disposto a asumir o reto da loita e recuperar a honra da súa nación: “sobe as grandes salas onde se comete o latrocinio e co seu ollar de lobo montesío vai convocando a cada un para o certame do ar-



EDIÇÕES DO CASTRO
DO GRUPO SARGADELOS

SALA - CORUÑA

Tel. 981 620200

Fax. 981 623204

A 25 ANOS DA INAUGURACIÓN DA GALERÍA SARGADELOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, HOJE, 17 DE MAIO DO 2003, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, INAUGÚRASE UNHA EXPOSIÇÃO SOBRE ANXEL CASAL DO QUE CASTELAO DIXO: “CASAL FIXO POR GALICIA MÁIS DO QUE TODOS NÓS”.

Antón Avilés de Taramancos
O tempo no espello
1ª edición: 1982

Chachauí

Ter unha casa en Chachauí sobre do cumio do Cándor-Cándor que os ucos á autizaron polas grandes aves míticas. Ter unha casa en Chachauí e ver no fondo do precipicio o Antomao brincar como un regueiro

peguenño. Ter unha casa en Chachauí e escutar á noite o ruído das vagabundías dos coqueiros, o canto do turpial e o maior estremecedor do puma negro. De Cantos caucanos (1985)

Antón Avilés de Taramancos

na Nova Crónica de Indias

A muller xoga un papel secundario tanto na partida coma no retorno sen deixar de ser un complemento necesario na configuración interna do protagonista. A avoa-nena, símbolo das lembranzas, da infancia, da estaticidade temporal e a nai, simbolizan a permanencia da casa identificadas co mito do eterno retorno.

“A muller é a casa, a terra cavada, a colleita. Matriz e alicerce. Está no medio do universo, agardando. E ve pasar os séculos” e agarda a volta do home “ollando o mar con amor e con medo, como se olla o destino”. A casa, e polo tanto a muller, permanecen alleas á historia externa, para elas non hai tempo, non hai acción, a historia vaina cincelando o home, “o mundo entra na casa nas cartas de lonxe”.


Esta primeira parte, tinguida de lembranzas e vivencias persoais do autor, péchase co retorno. Pero agora hai unha clara variación no ton: “Ulises Fingal bota unha ollada ao solar inmenso da Terra Nai”, que o segue agardando, pero esta vez disfrazada

Galicia segue igual á volta, humillada pola “lingua espúria dos vendidos” (...) igual que a Penélope mítica

de Penélope “mentres o pobo anda xordo e mudo e Penélope fía e desfía na roca –“un paso adiante e outro atrás, Galiza”- e un soño avolto de agoiros medra na súa mente mentres escolle os cornos máis longos e cumpridos...”. A identificación de Penélope coa muller galega ou coa mesma Galicia é total agora, coma no poema “Penélope” de Díaz Castro, do que Avilés toma prestado un verso.

Galicia segue igual á volta, humillada pola “lingua espúria dos vendidos”, violentada, insegura, igual que a Penélope mítica que fía e desfía mentres espera que Ulises veña rescatala. Tamén o noso Ulises Fingal vén rescatar a súa Penélope, reclamar a súa honra perdida e restaurala loitando coma un heroe, limpamente, botando man do reto “o lobo montesío vai convocando a cada un para o certame do arco”.

Da representación feminina en Avilés habería moito que dicir posto que nel se confunden continuamente as distintas facetas da muller, tanto no referente ó estado civil coma á idade. A nai-avoa, constitúe a familia, o alicerce do mundo, o fogar ó que volver. Pero hai outras mulleres que circulan polas súas historias, como en “Gaitana”, onde asistimos á vinganza da terra-muller, ou a sensualidade agachada trala figura da “nena na que abrolla aínda a fermosura”. A nena virxe, branca na ribeira do río, o descanso do valente. O colo da terra é para Avilés o colo da muller, o colo da vida, da sensualidade, do desexo, da vinganza.



Antón Avilés
de Toramancos

O CONCELLO DE BETANZOS CELEBRA AS LETRAS GALEGAS

PROGRAMA

- Presentación do Poemario “Latexos Fragmentados” do que é autora Olga Patiño Nogueira. Dita presentación correrá a cargo de Antón Sobral (pintor e ilustrador do libro) e Xaime Toxo (escritor). Rematará o acto un recital poético-musical a cargo da autora do libro e o “Grupo de Metales Sta. Cecilia”.

Na Aula Municipal de Cultura. As 20.30 h.

- Animación á lectura. A Biblioteca Municipal organiza unha campaña de animación a lectura para rapaces e rapazas baixo o lema “ler é unha viaxe” na que participará a ilustradora María Sánchez Lires. Repartiranse nos Centros de Ensino da nosa cidade pegatinas, guías de lectura e a única peza teatral pensada para o público infantil que deixou Avilés de Taramancos “Tres capitáns de tempos idos”, así como o libro “Antón Avilés de Taramancos: vida e obra”.

- Representación de títeres a cargo da FALCATRÚA coa obra “Dado trucado, xogo revirado”. Na Aula Municipal de Cultura. As 20.30 h. Organiza Casa Hamlet e Concello de Betanzos.

- Representación teatral a cargo de OS QUINQUILLÁN coa obra “O circo das Máscaras”. No Auditorio do Pasatempo. As 19.00 (en caso de choiva ou mal tempo a función realizarase na Aula Municipal de Cultura). Organiza Concello de Betanzos.

- Actuación do Coro de Cámara MADRIGALIA na Igrexa Conventual de San Francisco. As 20.30 h. Organiza Obra Social Gaixa Galicia e Concello de Betanzos.

- Representación teatral a cargo de LIBRESCENA Producións coa obra “As obras completas de Wil Shakespeare”. Na Aula Municipal de Cultura. As 12.30 h. Organiza Concello de Betanzos.

- Representación teatral a cargo de LIBRESCENA Producións coa obra “As obras completas de Wil Shakespeare”. Na Aula Municipal de Cultura. As 11.00 h. Organiza Concello de Betanzos.

- VI Encontro de Bandas de Música coa participación de: Banda M. de Música de Arteixo, Banda M. de Música de Vilalba e Banda M. de Música de Betanzos. Na Pza. da Constitución. As 19.00 h (en caso de choiva ou mal tempo trasladarase á Igrexa Conventual de S. Francisco). Organiza Concello de Betanzos.



Reloxo na selva é tempo perdido

Primeiro amor, primeira morte

*Todo canto eu ameí
perdeuseme contigo:
a luz clara e vibrante da
miña xuventude,
os bosques entrañables
perfeitos de quietude
onde o vento vivía con un
lecer antigo.*

*Entón era o silencio o meu
mellor amigo,
era eu namorado de todo
canto vía
vivir era unha leda, fermosa
moradía
onde o mencer entraba
recendendo a pantrigo.*

*De súpeto viñeches con esa
lonxanía,
caraveliño feble en terra
ventureira
e eu abríñ outra nova fiestra
para o día.*

*E todo canto ameí foi unha
lumieira,
foi a fouce tan íntima que de
cote se afía
para ceifar dun pulo brutal a
primaveira.*

*de "O tempo no espello"
(1982)*

Antón Avilés de
Taramancos

María Cuquejo

A Nova Crónica das Indias constitúe, sen termos en conta os seus traballos xornalísticos, a única achega en prosa de Avilés de Taramancos. Este libro de relatos que encaixa á perfección dentro do conxunto da súa produción literaria está tecido, como el mesmo lle confesa nunha entrevista a Manuel Forcadela, cos fíos das anécdotas, sentimentos e lecturas que se foron sucedendo durante os anos que o escritor de Noia pasou en Colombia: "Nas

A obra estrutúrase en dezaseis contos que recrean e pechan de seu unha etapa vital do autor

miñas Novas Crónicas das Indias que, en certa medida son atemporais, vén moito da miña historia persoal. Todos e cada un dos personaxes que aparecen no libro teñen que ver comigo. Dun xeito ou doutro cruzáronse na miña vida."

A Nova Crónica estrutúrase en dezaseis contos que recrean e pechan de seu unha etapa vital do escritor. O primeiro deles, aquel que comeza "Sentado no mazadoiro", amósanos a Galicia que fica na lembranza e a infancia e, ligada a elas, construíndose como amálgama coa terra, a figura da avoa-nai.

No outro extremo, e pechando o libro, o último dos relatos –"Epílogo (O regreso de Ulises Fingal)"–. Situámonos aquí na final da viaxe. O retorno tralo periplo ao xeito do mítico heroe grego e a terra, Galicia, pasa a ser agora a Penélope tecelá á espera tal como se canta nos certos versos do poeta de Parga, Xosé María Díaz Castro. Entre ambos os dous polos estoura o Avilés colombiano que coa mestría dos que el recoñece como parte dos seus alicerces –"teño moitas influencias dos escritores colombianos, venezolanos, peruanos, brasileiros."– consegue facernos parte da mesta selva amazónica, das costas do Pacífico ou de cidades como Buenaventura, Cali ou Iquitos; topónimos e lugares, todos eles, que fan bulir en nós o degoiro de aventura.

O conxunto dos contos que conforman o libro coordínase deste xeito como un todo equilibrado e harmónico, feito que non impide que, se nos achegamos aos mesmos por separado (a cada un dos relatos) poidamos albiscar cómo o de Taramancos nunhas poucas páxinas e con trazos firmes e exactos debuxa para nós un universo completo.

Un excelente exemplo do ata aquí comentado sería a narración que empeza, como se dun feito se tratara, coas palabras "Indio aguaruna non sabe de labranza" e que se sitúa, máis ou menos, contra a metade do libro.

Nas escasas cinco páxinas que dan soporte ao relato, a selva eríxese en protagonista. O mato abafante, tirano que impón as súas propias leis e ritmos, váisenos debullando aquí, do mesmo xeito que noutros contos deste mesmo volume, como un inferno verde onde só sobreviven os que se compasan con el. Permítenos albiscar neste tratamento que desenvolve da selva como arquetipo narrativo algunhas das in-



Maria Fumaça (Estrada de ferro Madeira-Mamoré), a mítica máquina brasileira que percorre a selva amazónica.

fluencias literarias que el mesmo recoñecía: La vorágine, do colombiano José Eustasio Rivera; Anaconda ou os Cuentos de la selva, de Horacio Quiroga; Canaima, do venezolano Rómulo Gallegos ou Pantaleón y las visitadoras, de Vargas Llosa.

O relato vaise construíndo a partir de xogos de vida e morte impostos pola cruel natureza. De xeito gradual, o autor guíanos cara á anécdota e preséntanos os xibaros e a súa loita co medio –"Cazador/indio de bricolaxe/artesán"–, así como a súa resposta ó home branco –"miniaturista/indio reduciador [de cabezas]"–; a continuación, como se dun segundo chanzo se tratara e para que o lector sexa consciente de quén son os moradores da paisaxe que nos describe, amósanos a anaconda-güiü xusto no momento no que está a cazar un becerro... e alí, neste escenario hostil á vez que descoñecido para o home branco, por descontento occidental, atopámonos co máis achegado a nós: o narrador cunha voz que non dubidamos recoñecer como a de Avilés, xunto co seu compañeiro Vicente Anzola e mais o sabedor indio Nereo –figura presente en todos os relatos de selva recollidos neste volume e protagonista dun dos poemas de Cantos caucanos– a comerciar cos indios. Xorde, como era de esperar, o enfrontamento cos indios que alporizados non dubidan en ameazar de morte os ousados apáchi (home branco na lingua dos

xibaros) tras escoitar nunha pequena radio a todo volume a 5ª de Beethoven competindo co maxestoso balbordo que domina a catedral selvática. Enfía agora o narrador unha anécdota con outra e trasládanos no mesmo escenario a outro intre perigoso no que el e mais o Nereo, pedindo auxilio, víronse socorridos polo cacique Pakaraña (nome tal vez derivado da palabra tupí páka: o que está sempre atento) que resultou ser de Betanzos.

Así a pois, o xogo está servido. Tanto neste relato como no resto dos que configuran o volume, Avilés de Taramancos vai deixando constancia da súa persoal crónica. Sucédense as mudanzas en Occidente, os cambios parecen fuxir a un ritmo que nos fai sentir vertixe, pero nas Indias o tempo devala doutro xeito e de aí que as Novas Crónicas das Indias sexan atemporais e tamén que o reloxo na selva sexa tempo perdido.

O relato vaise construíndo a partir de xogos de vida e morte impostos pola cruel natureza



Xulio Valcárcel

Para moita xente o traballo poético é un traballo inútil. Non produce resultados tanxibles, é verdade. Lela da Pastora, a nai do poeta, preocupada polas divagacións do seu fillo, amoestábao, “Ai, meu fillo: Ti sempre a facer torres no ár...”, cita coa que se abre este libro, un dos máis importantes na traxectoria de Antón Avilés de Taramancos. Lonxe estaba a nai (cando sen pensalo lle ofrecía ese pre-texto e paratexto, o propio título) de imaxinar que algúns anos máis tarde aquelas arelas que ela consideraba ociosas e inúteis derivarían en aportación relevante ás nosas letras, ao punto de ser homenaxeado co “Día das letras galegas”, algo así como a coroa de loureiro a unha curta pero intensa traxectoria.

“As Torres no Ar”, “poesía de recuperación da terra en letra grande e pequena”, como Antón o definía, está composto por un Pórtico – gostaba Antón de facelo, a xeito de autopoética – e tres partes bastante equilibradas en canto a número de composicións. Xa no primeiro poema atopamos algunhas das claves do libro. O poeta albisca unha realidade metafísica, case mística, que nos achega á percepción do sagrado. O sagrado, non como experiencia relixiosa normal, senón como camiño de perfección para acceder a estados de revelación profunda, clarividencia dunha realidade oculta percibida através da intuición artística. A xinea materna aporta ao poeta a vivencia da Terra. Nutricional e integradora, como un todo no que o poeta se dislúe en harmonía, placenta recuperada, a Terra é máis que un mito, é unha indisoluble experiencia amorosa recreada no saibo dos primeiros froitos, na beleza e na fragilidade do existir (...“nun branco pó de avelañas”).

A avoa, “dóce esterco da vida” é o enganche co pasado, fráxil e poderosa, sabia e

terna, o seu alento aventa o lume orixinario, a “ascua e o fermento do canto”. Barro, sangue e soño dos que nos precederon coa mesma forza no amor, con idéntica ollada ás altas naves, co mesmo destino común. Atopamos tamén un xogo simbólico entre sombras e luces e un gusto pola celebración dos seres e das cousas pequenas, humildes, que pasan desapercibidas a maior parte das veces, a carón doutros elementos de máis prosapia, bosques profundos nos que o incitante o tempo tece redes subútiles, destructoras de canto foi fermoso e bó. Delectación nos froitos que aportan na suavidade do tacto ou na delicadeza do saibo, a recuperación doutras horas ensoñadas. Denso viño saudoso a procurar o que perdimos, o que aínda sentimos por dentro. Dialéctica constante entre a perda e a recuperación.

Universo íntimo referenciado no externo achegado, as cousas – aínda as máis sinxelas – importan ao poeta, polo que son e polo que representan. O grao de semente garda o “pulo do seu miúdo corazón dormido” preso na súa ánsia de florecer. “Collo o grao da semente, esa temura/ na que sostén as trabes o universo:/ en tan mínima fuma namorada”.

A rica tradición mariñeira de Noia, onde se constrúan naves aproveitando as excelentes madeiras da zona, o esplendor dun pasado que coñeceu naos sulcando sete mares, están ao fondo dos poemas que compoñen a segunda parte do libro, “O cántico das naves: eleixas do mar”. O mar é arquetipo de absoluto e de novo o tempo, como símbolo de destrución, invade e destrúe, couza fatal, a gloria de antano. Desfeitas naves co esqueleto da quilla á intemperie como animais mariños que acougan no limo agardando a desaparición definitiva.

Evoca os golpes dos martelos na outra banda da ría construíndo esas naves que se erixen en cada peza, en cada caderna, ele-



Antón Avilés de Taramancos

mentos do propio ser espiritual do poeta. No recendo do galipote está o recendo de vida, e canto ao remate se erga a vela, sera “o meu corazón quen sinta o vento”.

Mar ergueito que se presenta “nunha tarde que ven de antigamente”, ou farpa doce e melancólica nesa fermosa eleixía ao pai ausente. E tamén mar profundo con naves e mariñeiros naufragados, no que se mesturan referencias culturalistas a Homero, a Dante, coa denuncia da nosa condición histórica de pobo tantas veces vencido e explotado.

“A espada florecida” é a visión máis

positiva deste apartado, recuperación da globalidade nun instante máxico. Moí fermoso é tamén esoutro poema no que se dan as pautas qu e deben rexir a confección dun zoco mariñeiro. (“O salgueiro da un oco de tambor primitivo, o máxico bruído milenar que desperta un tremor na fontenla do sangue...”)

Remata o libro cun último apartado, “A Torre secreta”, conxunto de doce sonetos de amor, de exquisita perfección, nos que se conxuga a exaltación lírica da muller con audaces referencias ao lado físico da paixón amorosa.



ILMO.
AYUNTAMIENTO
DE SADA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado este ano a Antón Avilés de Taramancos, el Ayuntamiento de Sada a través de la concejalía de Turismo ha organizado diversas actividades entre las cuales destacan: durante los días 12 y 17 de mayo se realizará una Exposición en la Biblioteca y en el hall de la Casa de la Cultura para informar sobre la vida y la obra del poeta coruñés, así mismo, durante las mañanas de esa semana, tendrá lugar la proyección de un video informativo.

El día 17 de mayo se hará entrega de los premios del certamen de Relatos Cortos y Poesía organizado por la concejalía de la Mujer cuyo contenido será en gallego y para el cual se conceden 200 € en cada especialidad.

A las 12:00 horas de cuatro grupos de danza y folklore gallego Os Biosbardos de Meirás, A Meda de O Castro, la Sociedad Recreativa y Deportiva de Sada y el grupo Queiroa actuarán en la Casa de la Cultura.

La Banda Municipal de Sada en un Concierto que tendrá lugar a las 19:00 horas en el auditorium de la Pintor Lloréns homenajeará este 17 de mayo a la tierra y a la cultura gallega a través de los acordes de diferentes estilos musicales como muñeiras, jotás, balada gallega, etc.

El día 20 de mayo la Biblioteca Municipal Suárez Picallo desarrollará una charla informativa sobre la torre de Hércules a los alumnos de 4º de ESO del colegio de Mondego.

La concejalía de Turismo y Mujer a través de la Biblioteca Municipal Suárez Picallo en su afán de promover la Cultura pretende conmemorar el Día das Letras Galegas con una actividad dirigida a los más pequeños de la localidad:

Actividades:


- Narración oral de cuentos clásicos escritos en gallego
- Mostrar a los niños/as la colección de cuentos que pueden encontrar en la Biblioteca Suárez Picallo.

Sesiones:

Primera Sesión (Sábado 24)
Lectura de “Carapuchiña vermella”

Segunda Sesión (Sábado 31)
Lectura de “Os tres osos”

BIBLIOGRAFÍA



Vida de Antón Avilés de Taramancos

Editorial galaxia publica este libro de Xosé Mª Álvarez Cáccamo no que autor encaixa a vida e a obra do poeta con pezas feitas de vivencias e influencias e da simboloxía que arrodeou ó escritor noiés. Unha ollada profunda e un exercicio ilustrativo que non esquece o feito fundamental de ser Avilés de Taramancos exiliado, emigrante, e ser quen de voltar á súa terra.

Obra viva

Edicións Laiovento publicou en 1992 *Obra Viva*, un volume póstumo de ensaios do escritor noiés. O libro tiña o título previo de *Letra miúda*, pero o autor cambeouno, xa preto da súa morte, por este definitivo. A obra viva dun barco é a que non se ve, e a que atura os golpes da mar e onde viven algas e lapas, o que queda despois de desfacerse a nave.



Aproximación didáctica á obra

Aproximación de Toxosoutos de obra de Avilés de Taramancos ó público escolar, que, segundo os seus autores, Xosé Agrelo e Pilar Sampedro, ten o dereito de coñecerla e disfrutala. Unha guía sinxela pero efectiva para conseguir o obxectivo a través de unidades perfectamente esquematizadas e con actividades para unha maior comprensión da materia.

Antón Avilés de Taramancos

Traballo publicado por Fer-venza do profesor noiés afin- cado en Cork Martín Veiga Alonso, que percorre a través de 59 páxinas a vida de Antón Avilés, fondeando e iluminan- do os episodios claves na bio- grafía do poeta. O libro re- mata cuns índices cronolóxi- cos e bibliográficos para completar esta viaxe pola apa- sionante e apaixonada do es- critor.



CONCELLO DE MALPICA

NOS TEMPOS DAS LETRAS 2003

Día 12 ao 30 de maio:

Exposición: Antón Avilés de Taramancos

Sábado, 17 de maio

"Os Tempos das Letras, na Ludoteca Infantil"

Días 17 ao 23 de maio

Exposición de Manualidades: "Os Nossos Maiores" Casa do Oleiro.

Mércores, 21 de maio

Conta contos Infantil - Jorge Castro Ruso

Xoves, 22 de maio

Conta contos Infantil - Jorge Castro Ruso

Venres, 23 de maio

AVILÉSCANTO

Paco Souto - voz Serxio Moreira - piano

Luns, 26 de maio

AVILÉSCANTO

Paco Souto - voz Serxio Moreira - piano

Venres, 30 de maio

Actividade de Animación á Lectura co escritor Fernando López Juárez

Proxección do Vídeo-CD "Historia dun Periplo. Pequena viaxe pola vida e ora de Antón Avilés de Taramancos" de Luis Avilés Baquero.

Cafetería a Roda, sábado 24 de maio ás 23 horas

Pub Brebaxe, domingo 25 de maio ás 22.00 horas

Pub Sodoma, sábado 31 de maio ás 22.00 horas

Pub Cornecho, domingo 1 de xuño ás 21.00 horas



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

MES DE MAIO 2003

- IVª MOSTRA DE TEATRO "CABANA TEATRO".

*** 17 e 18 de maio 2003. No Pavillón Municipal**

Grupos participantes:

- FALCATRUADA TEATRO - A verdadeira historia de Romeo e Julieta. 17 maio, 9 da noite.

- FULANO MENGANO E CITANO - Cheiro de Estrelas 18 de maio a partir das 7 da tarde

- CERTAME MARIA BAÑA

Relación de gañadores e entrega de Premios no Local Social de Neaño o día 17 de maio a partir das 19:30 horas.

- TEATRO

*** 31 DE MAIO NO LOCAL ANEXO O PAVILLÓN MUNICIPAL. A PARTIR DAS 9:30 DA NOITE.**

- PÍFANO TEATRO COA OBRA "¿QUÉ PASA COAS AS DEPENDENTES DOS GRANDES ALMACÉNS Ó CUMPLIREN OS 50?". Con Mela Casal e Gloria Ferreiro PATROCINIO DE CAIXA GALICIA.

- VISITAS GUIADAS.

A partir do 5 de maio. Visitando: Carpintería de Ribeira O Tecelán, Dolmen de Dombate, Castro A Cidá.

Entrega dunha unidade didáctica.